



PROTECCIÓN ANTE O USO ELECTORAL dos meus datos PERSONAIS

Caixa de correo para consultas:

consultaspd@cpeig.gal

**Colexio Profesional
de Enxeñaría en Informática
de Galicia (CPEIG)**

Rúa Fernando III O Santo 13 1ºA
Teléfono: 981 592 773 – Fax: 981 553 997
15701 Santiago de Compostela (A Coruña)

www.cpeig.gal

 @CPEIG
 @CPEIG

 Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia

 20⁺
PINTOS & SALGADO
ABOGADOS

Que dereitos teño para protexer a miña privacidade no ámbito da ideoloxía que profeso?

O artigo 16 da Constitución garántenos a **liberdade ideolóxica**, relixiosa e de culto sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.

Segundo o mesmo artigo, **ninguén poderá ser obrigado a declarar** sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

Por outro lado, o artigo 18 da nosa Constitución garántenos o **dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe**, todos eles relacionados tamén coa protección do meu perfil ideolóxico.

Pola súa parte, o Tribunal Constitucional recoñeceu un novo dereito fundamental, implícito no devandito artigo o 30 de novembro de 2000: o **dereito á protección de datos** ou tamén coñecido como dereito á privacidade.

Que leis regulan o tratamento dos meus datos de carácter persoal ou político?

Fundamentalmente, estas tres:

- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos - RGPD).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPDGDD).
- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREG).

Está permitido que alguén trate as miñas opinións políticas?

O artigo 9.1 do RGPD prohíbe expresamente o tratamento de datos persoais que revelen as opinións políticas e, ademais, **o só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía**.

Non obstante, o artigo 9.2.g) do RGPD establece unha excepción se o tratamento é necesario por razóns dun **interese público esencial** regulado na Lei e que inclúa **medidas axeitadas e específicas** para protexer os intereses e dereitos fundamentais do interesado.

A polémica Disposición Adicional 3ª da LOPDGDD

Amparándose nesta última excepción, a recente LOPDGDD realiza unha reforma parcial da LOREG recoñecendo tres liberdades de tratamento de datos en beneficio dos partidos políticos:

1_ “Libre” tratamento de datos ideolóxicos:

- Novo art. 58bis.1 LOREG: “A recompilación de datos persoais relativos ás **opinións políticas das persoas** que leven a cabo os partidos políticos no marco das súas **actividades electorais** atoparase amparada no interese público unicamente cando se ofrezan **garantías axeitadas**”, aínda que non especifica estas últimas.

2_ “Libre” recompilación de datos en redes:

- Novo art. 58bis.2 LOREG: “Os partidos políticos, coalicións e agrupacións electorais poderán utilizar **datos persoais obtidos en páxinas web e outras fontes de acceso público** para a realización de **actividades políticas durante o período electoral**.”

3_ “Libre” envío de propaganda electoral:

- Novo art. 58bis.3 LOREG: “O **envío de propaganda electoral** por medios electrónicos ou sistemas de mensaxería e a contratación de propaganda electoral en redes sociais ou medios equivalentes non terán a consideración de actividade ou comunicación comercial”. Isto significa que non serán catalogadas de “spam”, en ningún caso.

Podo opoñerme a este tratamento?

En efecto, o RGPD garante, entre outros, o dereito de oposición ao tratamento que pode ser exercido polo interesado en calquera momento e tamén nestes casos.

Como o fago?

Existen dúas vías fundamentais:

1_ Presentando unha solicitude de oposición á inclusión dos meus datos nas copias do censo electoral que se entregan aos partidos políticos para propaganda electoral:

- En base ao novo art. 39.3 LOREG, realízase mediante escrito dirixido á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral ou tamén cubrindo este formulario web do INE:

<https://sede.ine.gob.es/oposicionPartidos/presentacion>

- Para facer a solicitude de oposición é preciso contar cun certificado electrónico recoñecido pola plataforma de validación @firma do *Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas*, e que estea validado pola Oficina do Censo Electoral, ou mediante o sistema Cl@ve.

Tanto os certificados dixitais da FNMT como o DNI electrónico son válidos para facer esta solicitude.

2_ Enviando unha solicitude de oposición ao tratamento dos meus datos e/ou a recibir propaganda electoral directamente ante cada partido político:

- A través do medio sinxelo e gratuíto que obrigatoriamente deben facilitar os partidos con cada envío de propaganda electoral en base ao disposto no novo art. 58bis.5 LOREG.

E se non me fan caso, non cumpren a Lei ou detecto abusos?

Neste caso, podemos presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos, o cal se pode facer online a través deste enlace:

<https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/reclamacion.jsf>